Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula:25%	Audición:25%	Traballo semanal:50%
-------------------	--------------	----------------------

Á súa vez, a Proba de aula e Audición ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula e Audición

Técnica: 40%

Rítmico: 20%

Afinación: 20%

Son: 15%

1ª vista:5%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.8.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O alumnado que non poda ser avaliado de forma contínua terá dereito a un exame de toda a materia a finais do curso, en data que lle será previamente comunicada. Dito exame consistirá na interpretación dunha escala e arpexio, un estudo, un pasaxe orquestral e dúas obras de entre os mínimos do curso, a elección da profesora.

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na terceira avaliación poderán presentarse á proba extraordinaria de xuño e presentarán os contidos do apartado mínimos esixibles do curso. De entre eses contidos o alumno interpretará unha escala de dúas oitavas e dous estudos a elección do profesor, e unha sonata (1º e 2º movs.), un concerto (1º mov.) e dúas pezas da súa elección.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 50%	Rítmico: 20%	Afinación: 20%	Son: 20%
--------------	--------------	----------------	----------

6.8.5. Recursos didácticos

Técnica

- L. STREICHER : Método, vols. I a IV (ed. Doblinger)



- C. FLESCHE: Scale system (arr. Reinke - ed. Carl Fischer)
- J. HRABÉ : 86 estudos, vol. I e II (ed. IMC)
- rec. A. MIHNO : Estudos escollidos (ed. Moskow Muzika)
- G. BOTTESINI : 24 estudos (ed. Stainer & Bell)
- LEE : 12 estudos, op.31 (ed. IMC)
- SIMANDL : 30 estudos (ed. IMC)
- SIMANDL : Método, vol. II (ed. Carl Fischer)
- KAYSER : 36 estudos (ed. IMC)
- A. PORTELA : Recopilación de exercicios técnicos - Grao Profesional
- Escalas maiores e menores de dúas oitavas
- C. FLESCHE : Sistema de escalas para contrabaixo (ed. Carl Fischer)

Pezas

- J. S. BACH : Arioso en sol M (*manuscrito - solicitar*)
- F. GREGORA : Scherzo en sib M (*manuscrito - solicitar*)
- BLOK : Mussette (ed. Moskow Muzika)
- P. I. TCHAIKOVSKY : Nocturno (*manuscrito - solicitar*)
- EISENGRABER : Variations on a Styrian Folk-song (ed. Carl Fischer)

Sonatas e concertos

- B. MARCELLO : Sonata en Mib M (ed. IMC)
- A. CORELLI : Sonata en do m (ed. IMC)



- G. B. PERGOLESI : Sonata en fa M (ed. UMMP)
- W. de FESCH : Sonata en re m (ed. O.Zimmermann)
- D. ORTIZ : Catro recercadas n. 1, 2, 3 e 7 (escoller 3) (*manuscrito - solicitar*)
- W. PICHL : Concerto para contrabaixo en do M (ed. O.Zimmermann)
- F. Massmann und G. Reike: Oschester probespiel, Kontrabass. Schott Music. Vol I e II.

6.9. Curso: 5º GRAO PROFESIONAL

6.9.1. Obxectivos

- Ser capaz de interpretar en público obras de diversos estilos, a solo ou con acompañamento de piano, con control da técnica, o ritmo, a afinación e o son.
- Coñecer o repertorio e traballar os distintos aspectos estéticos e musicais do repertorio.
- Tocar co control técnico.
- Avanzar na ampliación do rexistro e consolidar as posicións coñecidas.
- Traballar o vibrato e os cambios de posición.
- Acadar un son correcto, co autocontrol necesario.
- Perfeccionar os golpes de arco estudados.
- Desenvolver hábitos correctos de estudo e autoavaliación. Acadar autonomía á hora de dixitar e arquear unha pasaxe.
- Desenvolver progresivamente a memoria musical.
- Traballar a lectura a primeira vista.

- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.

6.9.2. Contidos

- Interpretación de 4 obras de distintos estilos de dificultade acorde co nivel. Polo menos unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Interpretación de 9 pezas (estudos e pasaxes orquestais) de dificultade acorde co nivel.
- Escalas e arpexios maiores en tres oitavas de Mi, Fa e Solb.
- Exercicios de golpes de arco; exercicios de arco saltado.
- Exercicios de man esquerda: mecanismo, vibrato e cambio de posición.
- Exercicios para o estudio do rexistro medio-agudo; posicións de armónicos.
- Traballo dos distintos estilos musicais, procurando aplicar os criterios axeitados nas obras estudadas.
- Entrenamento progresivo da memoria.
- Lectura a primeira vista.

6.9.3. Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. Será necesario cumprir con todos os criterios de avaliación do curso dun xeito aceptable para poder pasar ao curso seguinte.



A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa actitude fronte ao instrumento.

Nas primeiras clases do curso farase unha avaliación inicial que recollerá os principais aspectos técnicos e musicais, así como a evolución no verán no caso dos alumnos que xa estiveran no pasado curso co mesmo profesor. Esta avaliación quedará rexistrada no cuaderno do profesor.

Criterios de avaliación

- Interpretar en público obras de distintos estilos como solista demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Valorarase a interpretación de memoria.
- Traballar todos os contidos mínimos que figuran na programación.
- Utilizar a técnica axeitadamente co respecto ás esixencias da execución instrumental.
- Coñecer o rexistro do instrumento ata as últimas posicións de capotasto.
- Amosar sensibilidade auditiva e estética na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Realizar correctamente os cambios de posición e o vibrato.
- Demostrar o dominio dos principais golpes de arco. Controlar a calidade do son.
- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación do texto musical.
- Amosar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Demostrar, no estudio das obras, a aplicación de coñecementos armónicos e analíticos.
- Ser capaz de leer a primeira vista pasaxes de dificultade axeitada.



- Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.

Mínimos esixibles

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

- 1º trimestre

- 1 obra entre:

- Abel: sonata cb. solo

- Dragonetti: andante e rondó

- Keyper: romance e rondó

- V. Zhdanov: fantasía

- Viso: cantinela-rondo

- 1 estudos entre:

- Hrabé: 20

- Hrabé: 26

- Bottesini: la m

- 2 pasaxes orquestais

- Sinfonía 40 -A. Mozart

- Sinfonía 41-A. Mozart

- Escalas e arpexios: re M (dúas oitavas)

- Flesh: n.3

- E exercicios técnicos determinados polo/a profesor/a

- 2º trimestre

- 2 obras entre:

- Bach: bourée I e II

- Bach: aria da suite en re M

- Lorenzitti: gavota



Hauta-Aho: miniature

Rachmaninov: vocalise

Misek: legende

Koussevitzky: chanson triste

-1 estudos entre:

Fiorillo: 8

Hrabé: 35

Bottesini: 24

Hrabé: 38

- 2 pasaxes orquestais

Sinfonía nº 5- L. van Beethoven

Sinfonía nº 3- L. van Beethoven

-Escalas e arpexios: mi M (tres oitavas)

Flesh: n.3

-Ejercicios técnicos determinados polo/a profesor/a

- 3º trimestre

-1 obra entre:

Cimador: concerto (I-II)

Kohaut: concerto en re (I-II)

Jacob: a little concerto (I-II)

-2 estudos entre:

Hrabé: 41

Hrabé: 52

Simandl: n.3 dobres cordas

Kreutzer: 1

-2 pasaxes orquestais

Overtura Egmond- L. van Beethoven

Overtura Coriolano-L. van Beethoven

-Escalas e arpexios: fa M (tres oitavas)

Flesh: n.3

-Exercicios técnicos determinados polo/a profesor/a

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguemento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas de aula deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula:50%	Audición:25%	Traballo semanal:50%
-------------------	--------------	----------------------

Á súa vez, a proba de aula e a Audición ponderarase do seguinte xeito:

Proba de Aula e audición
Técnica:40%
Rítmico:20%
Afinación: 20%
Son:15%
1ª vista:5%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter

superado polo menos o 90% dos contidos do apartado mínimos esixibles na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.9.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O alumnado que non poda ser avaliado de forma contínua terá dereito a un exame de toda a materia a finais do curso, en data que lle será previamente comunicada. Dito exame consistirá na interpretación dunha escala e arpexio, un estudo, un pasaxe orquestral e dúas obras de entre os mínimos do curso, a elección da profesora.

Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na terceira avaliación poderán presentarse á proba extraordinaria de xuño e presentarán os contidos do apartado mínimos esixibles do curso. De entre eses contidos o alumno interpretará unha escala de tres oitavas e dous estudos, dos pasaxes orquestrais a elección do profesor, e unha sonata (completa), un concerto (completo) e dúas pezas da súa elección.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 50%	Rítmico: 20%	Afinación: 20%	Son: 20%
--------------	--------------	----------------	----------

6.9.5. Recursos didácticos

Técnica

- L. STREICHER : Método, vols. I a V (ed. Doblinger)
- C. FLESCH: Scale system (arr. Reinke - ed. Carl Fischer)
- J. HRABÉ : 86 estudos, vol. I e II (ed. IMC)
- rec. A. MIHNO : Estudos escollidos (ed. Moskow Muzika)
- G. BOTTESINI : 24 estudos (ed. Stainer & Bell)
- KREUTZER e FIORILLO : Estudos (ed. A.Leduc)
- SIMANDL : Método, vol. II (ed. Carl Fischer)
- A. PORTELA : Recopilación de exercicios técnicos - Grao Profesional
- Escalas e arpejos maiores e menores de 2 e 3 oitavas
- C. FLESCH : Sistema de escalas para contrabaixo (ed. Carl Fischer)
- F. Massmann und G. Reike: Oschester probespiel, Kontrabass. Schott Music. Vol I e II.

Pezas

- J. S. BACH : Bourrée I e II da sonata n. 3 para cello só (*manuscrito - solicitar*)
- J. S. BACH : Aria da suite en re M (ed. IMC)
- S. RACHMANINOV : Vocalise (ed. IMC)
- LORENZITTI : Gavota (ed. A. Leduc)
- A. MISEK : Legende (ed. Carl Fischer)



- C. WEISKE : Penetrante (*manuscrito - solicitar*)
- S. KOUSSEVITZKY : Chanson triste, op. 2 (ed. Rob. Forberg)
- T. HAUTA-AHO . Miniature (ed. Recital Music)

-Sonatas e concertos

- C. F. ABEL : Sonata para contrabaixo solo (ed. Ludwin Music)
- D. DRAGONETTI : Andante e Rondó (ed. Doblinger)
- D. DRAGONETTI : Minueto e allegro (ed. Doblinger)
- V. ZHDANOV : Fantasia (ed. Moskow Muzika)
- G. JACOB : A little concerto (ed. Yorke)
- M. VISO : Cantinela-rondó (*Recursos musicais de autores galegos - Xunta de Galicia*)
- G. B. CIMADOR : Concerto en sol M (ed. Yorke)
- K. KOHAUT : Concerto en re M (ed. Yorke)

6.10. Curso: 6º GRAO PROFESIONAL

6.10.1. Obxectivos

- Ser capaz de interpretar en público como solista obras do repertorio de diversos estilos, de dificultade acorde co nivel, a solo ou con acompañamento de piano, dunha duración aproximada de 30 minutos. Amosando capacidade técnica, rítmica e de afinación, además de aspectos estéticos e musicais.
- Traballar pasaxes do repertorio orquestal de dificultade acorde co nivel.

- Tocar co control técnico e muscular axeitados.
- Avanzar na ampliación do rexistro e consolidar as posicións coñecidas.
- Traballar o vibrato e os cambios de posición.
- Acadar un manexo do arco correcto, amosando control sonoro, técnico e de distribución axeitada.
- Perfeccionar os golpes de arco estudados.
- Desenvolver hábitos correctos de estudo e autoavaliación. Acadar autonomía á hora de dixitar e arquear unha pasaxe.
- Traballar pasaxes de orquestra (de solo e tutti).
- Desenvolver progresivamente a memoria musical.
- Traballar a lectura a primeira vista.
- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.

6.10.2. Contidos

- Preparación e interpretación pública dun programa de 30 minutos de duración mínima composto por obras de distintos estilos de dificultade acorde co nivel, que será presentado nun recital de fin de grao.
- Interpretación de 6 estudos de dificultade acorde co nivel.
- Traballo e memorización dos pasaxes orquestais do repertorio.
- Escalas e arpexios maiores en tres oitavas de Sol, La, e Sib.
- Exercicios de golpes de arco.
- Exercicios de man esquerda: técnica, anticipación, vibrato e cambio de posición.

- Exercicios para o estudo do rexistro agudo do instrumento: posicións de capotasto e de armónicos.
- Traballo dos distintos estilos musicais procurando aplicar os criterios axeitados de interpretación nas obras estudadas.
- Entrenamento progresivo da memoria.
- Lectura a primeira vista.

6.10.3. **Avaliación**

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos nesta programación para o seu curso. Será necesario cumprir con todos os criterios de avaliación do curso dun xeito aceptable para poder pasar ao curso seguinte.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa actitude fronte ao instrumento.

Nas primeiras clases do curso farase unha avaliación inicial que recollerá os principais aspectos técnicos e musicais, así como a evolución no verán no caso dos alumnos que xa estiveran no pasado curso co mesmo profesor. Esta avaliación quedará rexistrada no cuaderno do profesor.

Criterios de avaliación

- Presentar nun recital público un programa axeitado ó seu nivel demostrando dominio técnico, capacidade comunicativa e calidade artística.
- Utilizar control técnico e muscular axeitados ás esixencias da execución instrumental.

- Coñecer todo o rexistro do instrumento.
- Amosar sensibilidade auditiva e estética na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Realizar correctamente os cambios de posición e o vibrato.
- Demostrar o dominio dos principais golpes de arco. Controlar a calidade do son e da distribución e manexo do arco.
- Amosar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro dos márxenes de flexibilidade que permita o texto musical. Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Amosar, no estudo das obras, a aplicación dos coñecementos armónicos e analíticos.
- Ser capaz de leer a primeira vista pasaxes de dificultade axeitada.
- Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas durante o curso.

Mínimos esixibles

Estudar e interpretar correctamente en cada trimestre os seguintes contidos:

- 1º trimestre
 - 1 tercio das obras do programa de acceso a grao superior
 - 2 estudos entre:
 - Kreutzer: 3
 - Hrabé: 66
 - Kayser: n. 24
 - Simandl: n.1
 - 2 pasaxes orquestais:
 - Sinf.9 (Recitativo)-L. van Beethoven
 - Sinf. 40- A. Mozart



-Escalas e arpexios: sol M (tres oitavas)

Flesh: n.3

-Exercicios técnicos determinados polo/a profesor/a

- 2º trimestre

-1 tercio das obras do programa de acceso a grao superior

-2 estudos entre:

Hrabé: 74

Simandl: concert-etude n.1

Hrabé: 80

Billé: 16

-1 pasaxe orquestal:

Pulcinella- I. Stravinsky

-Escalas e arpexios: la M (tres oitavas)

Flesh: n.3

-Exercicios técnicos determinados polo/a profesor/a

- 3º trimestre

-1 tercio das obras do programa de acceso a grao superior

-2 estudos entre:

Lee: 11

Simandl: bariolage 3

Simandl: dobres cordas n. 4

Simandl: dobres cordas n. 5



-2 pasaxe orquestral entre:

Otello-G. Verdi

Concerto de Brandemburgo nº 2 - J. S. Bach

Sinf. 6, 7, 8: J. Haydn

-Escalas e arpexios: sib M, re M, sol M, Fa M (tres oitavas)

Flesh: n.3

-Exercicios técnicos determinados pola profesora

Lista de obras de acceso a grao superior - listado orientativo

(Un programa de 30' aproximadamente, con obras de diversos estilos)

Barroco

-Eccles: sonata

-Haendel: la m

-Bach: sonata para viola de gamba n.2

Clasicismo

-Dragonetti: concerto

-Dittersdorf concerto

Romanticismo

-Bottesini: elexía

-Bottesini: introducción e gavota

-Koussevitzky: vals miniatura

-Misek: sonata en la M

-Schumann: phantasie stücke

Séculos XX e XXI

-Berio: psy



-Salles: J. Katrama

-Hardouineau: esquisse n.1

Pasaxes orquestrais

- I. Stravinsky: Suite Pulcinella (solo)
- A. Mozart: Sinf. N° 40
- L. van Beethoven: Sinf. N° 9 (Recitativo)
- G. Verdi: Otello (solo)
- J. S. Bach: Concerto de Brandemburgo n° 2
- J. Haydn: Sinf. 6, 7 e 8

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguemento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de Aula: 25%	Audición:25%	Traballo semanal: 50%
--------------------	--------------	-----------------------

Á súa vez, a Proba de Aula e a Audición ponderarase do seguinte xeito:

Proba de Aula e Audición
Técnica: 40%
Rítmico: 20%
Afinación: 20%
Son: 15%
1ª vista: 5%

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

Neste curso non se contempla a ampliación de matrícula.

6.10.4. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia e tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades programadas na seguinte avaliación. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

O alumnado que non poda ser avaliado de forma contínua terá dereito a un exame de toda a materia a finais do curso, en data que lle será previamente comunicada. Dito exame consistirá na interpretación dunha escala(en 3 octavas) e arpeixio, os estudos e os pasaxes orquestrais referidos nos mínimos esixibles, e cuatro das obras de entre os mínimos do curso, de diferentes estilos.



Probas extraordinarias de xuño

Os alumnos que non obtiveron cualificación positiva na terceira avaliación poderán presentarse á proba extraordinaria de xuño, que constará de dúas partes:

- Proba na aula coas escalas e estudos do apartado mínimos esixibles do curso. De entre eses contidos o alumno interpretará unha escala e dous estudos a elección do tribunal.
- Interpretación pública dun programa de trinta minutos aproximadamente con obras de distintos estilos do nivel correspondente (ver listado orientativo), nos recitais organizados a tal fin polo Centro.

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica: 50%	Rítmico:20%	Afinación: 20%	Son:20%
--------------	-------------	----------------	---------

6.10.5. Recursos didácticos

-Técnica

- L. STREICHER : Método, vols. I a V (ed. Doblinger)
- C. FLESCHE: Scale system (arr. Reike - ed. Carl Fischer)
- F. SIMANDL : Método, vol. II (ed. Carl Fisher / IMC)
- KREUTZER - FIORILLO : Estudios (ed. A.Leduc)
- HRABÉ : 86 estudos, vol. II (ed. IMC)
- KAYSER : 36 estudos (ed. IMC)
- rec. A. MIHNO : Estudios escollidos (ed. Moskow Muzika)
- A. PORTELA : Recopilación de exercicios técnicos
- VARIOS : Pasaxes orquestais, vols. I-VII (ed. IMC)



- VARIOS : Test pieces for orchestral auditions (ed. Schott)
- C. FLESCH : Sistema de escalas para contrabaixo (ed. Carl Fischer)
- F. Massmann und G. Reike: Oschester probespiel, Kontrabass. Schott Music. Vol I e II.

-Repertorio

- H. ECCLES : Sonata en la m (ed. VEB Leipzig)
- G. F. HAENDEL : Sonata en la m (ed. IMC)
- J. S. BACH: Sonata para viola de gamba en re M (ed. IMC)
- A. MISEK : Sonata en la M (ed. U.E. / Liben)
- G. BOTTESINI : Elexía (ed. Doblinger)
- G. BOTTESINI : Introducción e gavota (ed. Doblinger)
- S. KOUSSEVITZKY : Vals miniatura (ed. IMC)
- D. DRAGONETTI : Concerto en la M (ed. Doblinger)
- K.D. von DITTERSDORF: Concerto en mi M (ed. Schott - cad. Gruber ou Sperger)
- L. BERIO : Psy (ed. Universal Edition)
- B. SALLES : Jorma Katrama (de "Portraits for friends" vol. II - n.14, ed. Recital Music)
- P. HARDOUINEAU : Esquisse n.1 (de "Trois esquisses", ed. Editions Combre)

7. **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento e capacidades.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos.

8. **Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia do instrumento, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc.

Se comentan regularmente as audicións realizadas polos alumnos, os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasládanse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de



aprobados e suspensos e unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna e para levar a cabo os obxectivos expostos na programación, teranse en conta e de forma moi destacada os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores.

9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional

Disposicións xerais para as probas de acceso

- Admitirase obras de características similares as expostas na programación.
- Non se admitirán fotocopias, salvo no caso de edicións descatalogadas ou de dominio público.

Contidos

Tres obras de diferentes estilos dunha dificultade axeitada ó nivel (ver lista orientativa no taboeiro de anuncios do centro). Unha das obras será interpretada de memoria.

Criterios de avaliación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta.
- Adoptar unha posición corporal axeitada con respecto ao instrumento.
- Utilizar a técnica instrumental de un modo axeitado, mostrando un grao de control motriz natural.
- Conseguir unha calidade e proxección do son acorde co nivel do curso ao que se accede.
- Conseguir un control rítmico y de afinación axeitado.
- Utilizar un manexo e distribución do arco axeitado.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras da proba.



- Permanecer concentrado no desempeño da actividade durante a interpretación na proba de instrumento.
- Acadar un axeitado nivel de comprensión musical e demostrar unha intencionalidade expresiva durante a interpretación.
- Ter conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio presentado na proba.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica:40%	Rítmico:20%	Afinación: 20%	Son: 20%
-------------	-------------	----------------	----------

9.2. Probas de acceso a outros cursos

-Probas de acceso a 2º, 3º e 4º de grao elemental

Disposicións xerais para as probas de acceso

- Admitirase obras de características similares as expostas na programación do centro, do curso que se pretende acceder.
- Non se admitirán fotocopias, salvo no caso de edicións descatalogadas ou de dominio público.

Contidos 2º elemental

Dúas pezas en primeira ou media posición. Poden ou non levar ligaduras ata dúas notas (ver lista orientativa no taboeiro de anuncios do centro).

Contidos 3º elemental

Dúas pezas ou estudos con cambios de posición, ata a terceira posición. Ligaduras ata tres notas (ver lista orientativa no taboeiro de anuncios do centro).

Contidos 4º elemental

Dúas pezas ata a 4º ou 5º posicións. Ligaduras ata catro notas (ver lista orientativa no taboeiro de anuncios do centro). Una escala con cambios de posición e diferentes distribución de arco en notas ligadas e soltas.

Criterios de avaliación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta.
- Adoptar unha posición corporal axeitada con respecto ao instrumento.
- Utilizar a técnica instrumental axeitada de arco e de man esquerda, mostrando un grao de control motriz natural.
- Conseguir unha calidade e proxección do son acorde co nivel do curso ao que se accede.
- Conseguir control do ritmo e da afinación.
- Interpretar de memoria polo menos unha das obras da proba.
- Permanecer concentrado no desempeño da actividade durante a interpretación na proba de instrumento, demostrando seguridade e control da situación.
- Acadar un axeitado nivel de comprensión musical e demostrar unha intencionalidade expresiva durante a interpretación.



Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica:40%	Rítmico:20%	Afinación: 20%	Son: 20%
-------------	-------------	----------------	----------

-Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de grao profesional

Disposicións xerais para as probas de acceso

- Admitirase calqueira obra de características similares as expostas na programación do curso.
- Non se admitirán fotocopias, salvo no caso de edicións descatalogadas ou de dominio público.

Contidos

Tres obras de diferentes estilos dunha dificultade axeitada ó nivel (ver lista orientativa no taboeiro de anuncios do centro). Unha das obras será interpretada de memoria.

Criterios de avaliación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta.
- Adoptar unha posición corporal axeitada con respecto ao instrumento.
- Utilizar una técnica axeitada, mostrando un grao de control motriz natural.
- Conseguir un dominio do ritmo e da afinación.
- Conseguir unha calidade e proxección do son acorde co nivel do curso ao que se accede.



- Interpretar de memoria polo menos unha das obras da proba.
- Permanecer concentrado no desempeño da actividade durante a interpretación na proba de instrumento, demostrando seguridade e control da situación.
- Acadar un axeitado nivel de comprensión musical e demostrar unha intencionalidade expresiva durante a interpretación.
- Ter conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio presentado na proba.

Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Técnica:40%	Rítmico:20%	Afinación: 20%	Son: 20%
-------------	-------------	----------------	----------

9.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

- O aspirante deberá demostrar un nivel técnico, estilístico e musical de suficiencia e unha execución brillante con respecto a calidade que presupón a calificación que da acceso a esta proba.
- Valorarase a posta en escea.
- Valorarase a interpretación de memoria.

Obras obrigadas

Interpretaranse dúas obras da lista seguinte, unha de cada un dos dous grupos propostos. É obrigada o acompañamento de piano nas obras que así o precisen.

- A) G. BOTTESINI: Introducción e gavota (ed. Deutscher Verlag für Musik)
S. KOUSSEVITZKY : Vals miniatura (ed. IMC)
- B) K.D. von DITTERSDORF: Concerto en Mi Mayor (ed. Schott – cadencia de Gruber ou Sperger)

9.4. **Adaptación da programación á situación de emerxencia sanitaria**

Debido á situación excepcional de emerxencia sanitaria motivada pola pandemia da COVID19, e mentras dure a mesma, a programación vai ter os seguintes cambios, xunto con algunhas normas e suxestións de carácter xeral:

Medidas de carácter sanitario

Además das establecidas con carácter xeral polo centro (lavado de mans, distancia interpersoal...), deberá observarse o seguinte:

- O alumnado traerá o seu propio arco e demais accesorios (resina, afinador, lápices, libros...).
- É aconsellable traer o instrumento a clase. No caso de utilizar os instrumentos do centro, débense desinfectar antes e despois do seu uso, devolvéndoo ao seu sitio.

Avaliación inicial

Tal e como figura na programación ordinaria, a principio de curso farase unha avaliación inicial que é imprescindible para coñecer o punto de partida do alumnado. Este curso adquire unha maior importancia se cabe dados os problemas derivados do confinamento no curso anterior, e revisaranse individualmente as medidas a adoptar ante as posibles carencias atopadas.

Incorporación dos contidos imprescindibles non traballados no curso anterior

Á vista dos rexistros do curso anterior do alumnado e tendo en conta a avaliación inicial determinaranse os contidos mínimos imprescindibles non traballados, que se incorporarán aos contidos do curso de forma secuencial e repartidos nos tres trimestres.

Para este fin pode reducirse o número de obras ou estudos nos contidos mínimos obrigatorios do curso, a xucio do/a profesor/a.

Ensino semipresencial e non presencial.

Se por circunstancias persoais do alumnado ou da situación sanitaria xeral fose imposible a asistencia a clase, pasarase ás modalidades lectivas semipresencial ou non presencial.

- Ensino semipresencial: alternaranse períodos lectivos presenciais e non presenciais, coa frecuencia que se estime no momento, no caso de que así o decida o centro.
- Ensino non presencial: o ensino farase telemáticamente, utilizando a aplicación para videoconferencias CiscoWebex para as clases e a Aula Virtual para comentarios, materiais didácticos e avaliacións. Estas últimas consistirán na entrega por parte do alumnado do material correspondente ó trimestre gravado en video, con posterior análise e comentarios por parte do/a profesor/a. Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que para o ensino presencial.

Revisión dos obxectivos e contidos como consecuencia da adaptación das programacións

Tras a experiencia do confinamento do curso anterior, na nosa opinión os principais problemas do ensino telemático son que non permite a corrección postural do alumnado, non permite apreciar correctamente a calidade do son (por moi boa que sexa a conexión a internet, que moitas veces non o é) e non permite traballar os aspectos da interpretación en público e en conxunto.

Como nengunha destas cosas ten solución a curto prazo, a realidade obriga a ter que rebaixar as expectativas dos obxectivos nestes aspectos, que deberán ser reforzados en canto sexa posible nas clases presenciais.

En canto aos contidos mínimos, o número trimestral de obras ou estudos pode reducirse polas circunstancias persoais do alumnado.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo será obxecto dunha adaptación curricular, que poderá revisar aspectos como adaptacións do material didáctico, variacións de metodoloxía, flexibilizar o ritmo de aprendizaxe e a introdución de novos contidos, etc.

A fenda dixital é moi evidente no caso da música. Conexións interrompidas, ínfima calidade de son, distorsións, aceleracións e interrupcións da música...

Se o problema é o ordenador, pódese solicitar un ao centro no caso de confinamento; pero o problema normalmente é da calidade da conexión. A solución é técnica e está fora do ámbito desta programación.

Procedementos de avaliación

En tanto dure a situación de emerxencia sanitaria non se van facer audicións públicas.

-No caso de ensino presencial a avaliación non sufrirá modificacións e as audicións trimestrais poderán ser realizadas na aula, sen público.

-No caso de ensino non presencial, as probas de aula comprenderán as escalas, estudos e obras, e serán substituídas por gravacións en video a través da aula virtual. Teranse en conta as seguintes porcentaxes para o cálculo das cualificacións.

Proba de aula: 50%	Traballo semanal: 50%
--------------------	-----------------------